

# A COORDINADORA PARA O ESTUDIO DOS MAMIFEROS MARIÑOS



Dende o ano 1990 un grupo de persoas interesadas no mundo dos mamíferos mariños comezaron a traballar conxuntamente, desta colaboración xurdiu en 1991 a Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños integrada polos grupos Anabam de A Guarda, Erva de Vigo, Colectivo ecoloxista do Salnés e outras persoas que viñan xa desenvolvendo o seu labor neste campo.

O labor da CEMMA céntrase na recopilación dos rexistros de varamentos e avistamentos de cetáceos, elaborando un listado anual de rexistros que enviado en colaboración co Instituto Oceanográfico reunión anual da Comisión Internacional para a Exploración do Mar (C.I.E.M.), a este organismo, responsable dos estudos mariños do Atlántico Norte, son presentados traballos semellantes de toda Europa.

Ademais a CEMMA enfoca os seus esforzos en difundir a presenza destes animais e de compartir este interese con outros campos de estudio que sen ter que ver co estudio estricto destes animais si poden dalgunha maneira estar relacionados, así estase a colaborar co Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC) no que respecta alimentación, co Departamento de Parasitoxía da Universidade de Santiago e co Centro de Recuperación de Fauna Salvaxe de Oleiros.

Atentos á problemática mundial dos cetáceos, en concreto á mortalidade de golfinhos nas redes do atún e ó «desenvolvemento dos acordos sobre a moratoria da caza das baleas, estase a manter unha recollida permanente de información de prensa e tamén a levar a cabo a campaña «NON MAIS». Esta campaña iniciouse a raíz da decisión dalgúns paí-

ses de abandonar a moratoria da caza de baleas e boicotea-la C.B.I., dende o verán do ano 92 estanse a editar postais para o envío ás embaixadas, manifestando a repulsa do asinante á decisión dos gobernos de Xapón e Noruega de poñer fin á caza da balea. Ata o de agora lvanse repartido preto de dúas mil postais, tendo un grande éxito a nivel de todo o estado español, o cal nos anima a continuar con esta iniciativa esperando que cada día sexan máis os que a apoien.

Si queredes colaborar con esta campaña solicítade as postais (aportando cen pesetas en selos enviaránsevos catro postais): CEMMA, Rosalía de Castro 138, 3º A, E 15706 Compostela.

## A AMAZONIA: COUSA DE TODOS/AS

A Comisión Galega Pro-Amazonia foi creada por varias asociacións ecoloxistas conscientes de que a destrución da Amazonia é tamén un problema noso, xa que tería consecuencias ecolóxicas ne-

fastas que afectarían a toda a Humanidade, e da responsabilidade do Primeiro Mundo do que formamos parte.

Un dos obxectivos da Comisión Galega Pro-Amazonia, membro da Coordinadora Galega de ONG,s para o Desenvolvemento, concienciar á sociedade galega da problemática amazónica e corresponsabilizala. Para contribuír a isto montou a exposición «A Amazonia e nós», na que se describe o ambiente, a vida e os problemas dos pobos indíxenas e a problemática ecolóxica da Amazonia.

A exposición consta fundamentalmente de paneis con textos informativos e fotografías e 39 pezas de artesanía indíxena materialista, a maioría das cales serán finalmente subastadas para contribuír á financiación dun proxecto de desenvolvemento e conservación do ambiente na Amazonia.

A exposición «A Amazonia e nós» vai dirixida a mozos e mozas de idade superior 11 anos e ofértase a todos os centros de ensino, institucións e asociacións interesadas ata finais do curso 93/94.

### CONTACTOS:

COMISION GALEGA PRO-AMAZONI  
Apartado 641 - 15780 Compostela

